

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005211	IES Salvador de Madariaga	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Anatomía aplicada	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Anatomía Aplicada trátase dunha materia que da unha importante base no coñecemento do corpo humano para que comprenda e valore o mesmo con respecto á súa saúde e as súas manifestacións artísticas. Tamén dará unha sólida base de cara a unha posterior formación en ciclos formativos e graos relacionados coas ciencias da saúde e a actividade física, ou mesmo con ensinanzas artísticas superiores.

A materia de Anatomía Aplicada pretende achegar os coñecementos científicos que permitan comprender a estrutura e funcionamento do corpo humano e a súa motricidade en relación coas manifestacións artísticas corporais e coa saúde. Ademais, constitúe a sistematización dos saberes da ciencia referidos ao ser humano como ser biolóxico desde unha perspectiva xeral e unha particular, na que as estruturas corporais póñense en funcionamento ao servizo da creación artística.

Para alcanzar este obxectivo, esta materia integra coñecementos, destrezas e actitudes procedentes de diversas áreas de coñecemento como, por exemplo, a anatomía, a fisioloxía, a biomecánica, a bioquímica, ou as ciencias da actividade física.

Esta materia permitirá ao alumnado aumentar a súa comprensión do corpo humano desde o punto de vista biolóxico xeral e tamén mellorar o seu rendemento físico e artístico nas distintas artes escénicas, tendo en conta a importancia da prevención da aparición de procesos patolóxicos relacionados directa e/ou indirectamente co seu corpo.

A Anatomía Aplicada abrangue as estruturas e as funcións do corpo humano máis relacionadas coa acción motora e o seu rendemento, como son o aparello locomotor e o cardiopulmonar, ou os sistemas de control e regulación; afonda en como estas estruturas determinan o comportamento motor e as técnicas expresivas que compoñen as manifestacións artísticas corporais, e os efectos que a actividade física ten sobre elas e sobre a saúde. Na mesma liña, abórdanse tamén nocións básicas dos sistemas de achega e utilización da enerxía, e afóndase nas bases da conduta motora.

En conclusión, a materia de Anatomía Aplicada preséntase como unha ampliación dos contidos científicos e técnicos estudados na educación secundaria obrigatoria e tamén como unha oportunidade para relacionar os coñecementos adquiridos con etapas posteriores como, por exemplo, os ciclos formativos e graos relacionados coas ciencias da saúde e a actividade física, ou mesmo con ensinanzas artísticas superiores.

ESTRUTURA DA MATERIA

Esta materia estrutúrase en oito bloques: «O traballo nas ciencias», «A organización do corpo humano», «O aparello dixestivo e o metabolismo», «O aparello circulatorio e o respiratorio», «O aparello uroxenital», «Os sistemas de coordinación e de regulación», «O aparello locomotor e o movemento» e «Expresión e comunicación corporal».

No bloque 1, «O traballo nas ciencias», comézase a abordar esta materia, cun bloque transversal en relación a metodoloxía de traballo; é dicir, a partir da análise e coñecemento do método científico, valorando o traballo das persoas dedicadas á ciencia e a súa relevancia nos avances sociais en distintos ámbitos.

No bloque 2, «A organización do corpo humano», faise unha descrición da organización xeral do corpo humano utilizando distintas estratexias e formatos para a súa análise, e tamén un breve percorrido pola evolución histórica dos canons de beleza e a súa influencia na sociedade

No bloque 3, «O aparello dixestivo e o metabolismo», abórdanse os distintos aspectos anatómicos e fisiolóxicos relacionados coa alimentación e a nutrición, para finalizar reflexionando sobre a importancia de incorporar hábitos nutricionais que incidan favorablemente na saúde, analizando tamén cales son os factores sociais que conducen á aparición dos trastornos alimenticios máis comúns.

No bloque 4, «O aparello circulatorio e o respiratorio», estúdanse as principais características anatómicas e fisiolóxicas que os conforman, analizando cales son as enfermidades máis comúns relacionadas con eles e reflexionando sobre a importancia de incorporar hábitos saudables ás nosas vidas.

No bloque 5, «O aparello uroxenital», realízase unha identificación e descrición das distintas partes que forman os aparellos excretor e reprodutor, así como das súas funcións e a importancia de manter hábitos saudables relacionados con eles para alcanzar unha saúde integral.

No bloque 6, «Os sistemas de coordinación e de regulación», identifícanse ao sistema nervioso e ao endócrino como responsables da coordinación e regulación xeral do organismo; estúdanse tamén as principais enfermidades relacionadas con eles así como os efectos das drogas sobre o sistema nervioso e a súa prevención.

No bloque 7, «O aparello locomotor e o movemento», localízanse os principais compoñentes do aparello locomotor, estúdase a súa fisioloxía e identifícanse as principais enfermidades e lesións dos seus compoñentes. Analízanse tamén as características da execución das accións motoras co obxectivo de relacionalas directa e/ou indirectamente coa finalidade expresiva das actividades artísticas.

No bloque 8, «Expresión e comunicación corporal», identifícanse as diferentes formas de expresión corporal e o seu papel no desenvolvemento persoal e social, como un medio de comunicación que utiliza unha linguaxe propia como

fonte de desenvolvemento creativo.

CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN NO ENTORNO DE APRENDIZAXE

O IES Salvador de Madariaga atópase situado no centro da cidade preto da praia de Riazor, no Paseo de Ronda, nunha zona onde hai varios centros educativos máis, de todos os niveis, e tamén de carácter público e concertado. Podemos dicir que está situado nunha área de forte peso educativo na que converxen tamén a Universidade Nacional de Educación a Distancia, a Escola Oficial de Idiomas, os Conservatorios de Música, o Centro Universitario de Riazor, a Biblioteca Universitaria, a NORMAL así como dous CEIPS.

O noso centro escolariza a alumnos das zonas de influencia do mesmo e do barrio de Los Rosales de recente creación, e dado que a zona está moi ben comunicada por autobuses urbanos, moitos alumnos de outras partes da cidade e mesmo de municipios limítrofes solicitan praza no noso IES, pois ten especial interés para algúns alumnos por ter o bacharelato de artes, e o conservatorio e a escola de idiomas ó seu carón. O centro tamén recibe certa cantidade de alumnado inmigrante de distintos países.

En xeral, pódese afirmar o carácter urbano do seu alumnado e a pertenza a unha clase social e cultural de nivel medio e medio-baixo.

Características da clase: Na materia de Anatomía Aplicada de 1º de bacharelato son 16 alumnas/os maioritariamente da rama científica (14 alumnos/as) e só dous son do bacharelato de Ciencias Sociais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles con precisión e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos, procesos, métodos, experimentos ou resultados relacionados coa anatomía humana.	1-2	1	4	2-3	40			
OBX2 - Localizar e utilizar fontes fiables identificando, seleccionando e organizando a información, avaliándoa criticamente, e contrastando a súa veracidade para resolver preguntas relacionadas coa anatomía humana.	2-3	1	4	1-2-4	40	1		2
OBX3 - Analizar traballos de investigación ou divulgación relacionados coa anatomía humana comprobando con sentido crítico a súa veracidade e/ou se seguen correctamente os pasos do método científico para avaliar a fiabilidade das súas conclusións.	5	1	2-3-4	1-2	40	2-3	1	
OBX4 - Expor e resolver problemas e cuestións buscando e utilizando as estratexias adecuadas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento se fose necesario, para explicar fenómenos relacionados coa anatomía humana.	2		1-2	1-5	50		1	
OBX5 - Analizar criticamente os efectos de determinadas accións sobre a saúde baseándose nos fundamentos da anatomía humana para promover e adoptar hábitos que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.	2		2-5	4	20	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos anatómicos humanos utilizando fundamentos científicos para explicar a súa fisioloxía e relacionar esta coas actividades físicas e artísticas.	1-2	1	2-4	1	20-50		1	2-31-32

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Organización xeral do corpo humano	Nesta unidade didáctica estudaranse as funcións vitais, os niveis de organización no corpo humano, a terminoloxía básica anatómica e os canons de beleza ó longo da historia	10	15	X		
2	Os sistemas de coordinación e regulación.	Nesta unidade didáctica estúdase a anatomía e fisioloxía dos sistemas nerviosos e endócrino e dos órganos dos sentidos ; así como as enfermidades e os hábitos saudables relacionados cos mesmos; e a prevención e efectos sobre a saúde das drogas.	10	22	X		
3	Os aparellos reprodutores	Nesta unidade didáctica estúdase a anatomía e fisioloxía dos aparellos reprodutores; así como as enfermidades e os hábitos saudables relacionados cos mesmos.	5	7	X		
4	O aparello dixestivo, alimentación, nutrición e o metabolismo.	Nesta unidade didáctica estúdase a anatomía e fisioloxía do aparello dixestivo, a alimentación e nutrición, dietas e hábitos saudables para o aparato dixestivo, trastornos de comportamento nutricional e a súa relación con factores sociais e derivados coa actividade física e artística, e o metabolismo.	20	28		X	
5	O aparello circulatorio e respiratorio.	Nesta unidade didáctica estúdase a anatomía e fisioloxía dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador; así como as enfermidades e os hábitos saudables relacionados cos mesmos.	20	22		X	X
6	O aparello excretor	Nesta unidade didáctica estúdase a anatomía e fisioloxía do aparello excretor; así como as enfermidades e os hábitos saudables relacionados co mesmo	4	7			X
7	Aparello locomotor e movemento	Nesta unidade didáctica estúdase a anatomía e fisioloxía do aparello locomotor, así como as enfermidades e os hábitos saudables relacionados co mesmo; e os elementos e características do movemento e a súa relación coa actividade artístico-expresiva.	15	20			X
8	Expresión e comunicación corporal	Esta será unha unidade didáctica transversal que se irá desenvolvendo ó longo do curso na que tratará a motricidade humana e as actividades físicas e artísticas	5	7	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Expresión e comunicación corporal	e as súa contribución ó desenvolvemento persoal e social.	5	7	X	X	X
9	O traballo científico	Esta será unha unidade didáctica transversal que se irá desenvolvendo ó longo do curso na que tratará a metodoloxía no traballo científico, as estratexias para a elaboración e comunicación de proxectos, a utilización de espazos e recursos de aprendizaxe científico como o laboratorio... e a valoración da ciencia e o traballo científico.	11	12	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Organización xeral do corpo humano	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e localizar os termos básicos da anatomía humana utilizando diagramas e modelos.	Sinala e nomea as diferentes estruturas anatómicas en diagramas e modelos anatómicos	PE	90
CA2.2 - escribir a organización xeral do corpo humano a través da localización dos diferentes tecidos, órganos, aparellos e sistemas, e a identificación das súas funcións.	Recoñece e indica a localización dos diferentes tecidos, órganos, sistemas e aparellos e aclara e recoñece a función de cada un deles.		
CA2.3 - Interpretar e comprender a evolución dos canons de beleza ao longo da historia e a súa influencia na sociedade.	Recoñecer os canons de beleza ao longo da historia	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía básica da anatomía humana. - Planos e cortes anatómicos. Posición e dirección. - Rexións e cavidades do corpo humano. - Niveis de organización do corpo humano. - As células - Os tecidos. - Os órganos, aparellos e sistemas. - Funcións vitais.

Contidos
- Os canons de beleza ao longo da historia.

UD	Título da UD	Duración
2	Os sistemas de coordinación e regulación.	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Valorar os sistemas nervioso e endócrino como responsables da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as características xerais de cada un deles.	Recoñer as características xerais do sistema nervioso e endócrino	PE	100
CA6.2 - Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.	Distinguir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais e dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino		
CA6.3 - Diferenciar os movementos reflexos e voluntarios relacionándoos cos órganos implicados en cada un utilizando esquemas ou debuxos.	Identificar os movementos reflexos e voluntarios relacionandoos cos órganos implicados		
CA6.4 - Diferenciar as funcións de cada glándula endócrina localizando cada unha delas e empregando diferentes soportes e recursos.	Localizar as glándulas endócrinas e identificar as súas funcións		
CA6.5 - Analizar as enfermidades máis comúns dos sistemas nervioso e endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.	Identificar as enfermidades máis comúns dos sistemas nervioso e endócrino relacionándoas cos seus síntomas e os efectos das drogas.		
CA6.6 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistema nervioso e endócrino localizando, seleccionado e organizando a información.	Recoñecer a importancia de hábitos saudables relacionado co sistema nervioso e endócrino		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O sistema nervioso. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Os órganos sensoriais. Anatomía e fisioloxía. - Movementos reflexos e voluntarios. - Enfermidades e hábitos saudables. - Drogas legais e ilegais. Prevención e efectos sobre a saúde. - O sistema endócrino.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - A función hormonal. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
3	Os aparellos reprodutores	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor e reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.	Identificar a anatomía e a función das distintas partes dos aparellos reprodutores	PE	100
CA5.2 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos excretor e reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Identificar as enfermidades máis comúns dos aparellos reprodutores relacionandoas coas súas causas		
CA5.3 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor e reprodutor localizando, seleccionando e organizando a información.	Recoñecer a importancia de hábitos saudables relacionado cos aparellos reprodutores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O aparello reprodutor. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
4	O aparello dixestivo, alimentación, nutrición e o metabolismo.	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes explicando as estruturas orgánicas implicadas en cada un.	Identificar os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes en cada estrutura orgánica do aparello dixestivo.	PE	100
CA3.2 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as súas diferenzas e funcións básicas.	Recoñecer a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo e as súas diferenzas e funcións básicas.		
CA3.3 - Valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde relacionando os tipos de dietas co balance enerxético establecido segundo as actividades realizadas.	Recoñecer e valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde		
CA3.4 - Identificar os trastornos alimenticios máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde, analizando os factores sociais que conducen á aparición dos mesmos.	Identificar os trastornos alimenticios máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde		
CA3.5 - Identificar e diferenciar os procesos que comprende o metabolismo aeróbico e anaeróbico establecendo os mecanismos enerxéticos que interveñen na acción motora, co fin de xestionar a enerxía e mellorar a eficiencia da acción.	Identificar os procesos que comprende o metabolismo aeróbico e anaeróbico establecendo os mecanismos enerxéticos que interveñen na acción motora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O aparello dixestivo. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Alimentación e nutrición. Tipos de nutrientes e de alimentos. - Dieta equilibrada e a súa relación coa saúde. Balance enerxético. - Pautas saudables de alimentación en función da actividade realizada. - Trastornos do comportamento nutricional: dietas restritivas, anorexia e bulimia. - Factores sociais e derivados da propia actividade física e artística que conducen á aparición de distintos tipos de trastorno do comportamento nutricional. - Metabolismo humano. - Principais vías metabólicas de obtención de enerxía. Metabolismo aeróbico e anaeróbico. - Metabolismo enerxético e actividade física.

UD	Título da UD	Duración
5	O aparello circulatorio e respiratorio.	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer as características xerais dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador e describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman ditos aparellos empregando diferentes soportes e recursos.	Recoñecer as características xerais dos aparellos circulatorio respiratorio e fonador e identificar a anatomía e función dos distintos órganos que conforman ditos aparellos	PE	100
CA4.2 - Explicar o percorrido do sangue na circulación maior e menor identificando as estruturas implicadas en imaxes en diferentes formatos, e valorando os parámetros de saúde cardiovascular.	Coñecer o percorrido do sangue na circulación maior e menor e os parámetros de saúde cardiovascular		
CA4.3 - Explicar os movementos respiratorios de inspiración e expiración distinguindo os órganos e estruturas implicadas.	Recoñecer os movementos respiratorios de inspiración e expiración e os órganos e estruturas implicadas		
CA4.4 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Identificar as enfermidades máis comúns dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador e as relaciona coas as súas causas		
CA4.5 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador localizando, seleccionando e organizando a información.	Recoñecer a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos respiratorio e fonador		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O aparello circulatorio. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - A circulación. - Parámetros de saúde cardiovascular. - Enfermidades e hábitos saudables. - O aparello respiratorio. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - O proceso respiratorio. - Coordinación da respiración co movemento corporal e a súa intensidade. - Enfermidades e hábitos saudables. - O aparello fonador. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
6	O aparello excretor	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor e reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.	Identificar a anatomía e a función das distintas partes do aparello excretor	PE	100
CA5.2 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos excretor e reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Identificar as enfermidades máis comúns do aparello excretor relacionandoas coas súas causas		
CA5.3 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor e reprodutor localizando, seleccionando e organizando a información.	Recoñecer a importancia de hábitos saudables relacionado co aparello excretor		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O aparello excretor. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
7	Aparello locomotor e movemento	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1 - Localizar e diferenciar os compoñentes do aparello locomotor empregando diagramas e modelos.	Localizar os compoñentes do sistema locomotor	PE	80
CA7.2 - Explicar a fisioloxía do aparello locomotor a través da función de músculos, ósos e articulacións.	Recoñecer a función de músculos, ósos e articulacións así como as funcións xeral dos sistema óseo e muscular.		
CA7.3 - Identificar as principais enfermidades e lesións do aparello locomotor recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física.	Identificar as principais enfermidades e lesións do sistema óseo e os hábitos saúdables para o aparato locomotor		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.4 - Comprender a biomecánica humana relacionándoa coas súas aplicacións.	Comprender a biomecánica humana	TI	20
CA7.5 - Describir as características da execución das accións motoras empregando os termos e elementos do movemento e relacionándoas coa finalidade expresiva das actividades artísticas.	Describir as características da execución das accións motoras		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aparello locomotor. Os músculos, os ósos e as articulacións. - Anatomía e fisioloxía. - Enfermidades e lesións do aparello locomotor. - Hábitos e costumes saudables. A hixiene postural. - Importancia do queceamento e da recuperación na práctica de actividade física - O movemento. - Termos e elementos do movemento. - Características da execución das accións motoras. - Biomecánica humana e as súas aplicacións. - O movemento como ferramenta artístico-expresiva.

UD	Título da UD	Duración
8	Expresión e comunicación corporal	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA8.1 - Recoñecer as características principais da motricidade humana poñendo de manifesto o seu papel no desenvolvemento persoal e social.	Recoñecer as características principais da motricidade humana	TI	100
CA8.2 - Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo a través do movemento, da utilización de elementos rítmicos, obxectos e con focos expresivos.	Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo		
CA8.3 - Identificar as diferentes formas de expresión corporal recoñecendo a capacidade do corpo para manifestarse cunha linguaxe propia como fonte de desenvolvemento creativo.	Identificar as diferentes formas de expresión corporal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Características da motricidade humana. Achegas das actividades físicas e artísticas no desenvolvemento persoal e da sociedade. - Toma de conciencia do corpo e do espazo. Movemento e elementos rítmicos. Focos expresivos do corpo. - Formas de expresión corporal e fontes de desenvolvemento creativo.

UD	Título da UD	Duración
9	O traballo científico	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas.	TI	100
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Elaborar proxectos utilizndo estratexias adecuadas relacionados co movemento, coa expresión e comunicación corporal ou con outros temas relacionados coa anatomía.		
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científico.	Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe		
CA1.4 - Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel da muller nela.	Valorar a ciencia recoñecendo a súa contribución ao avance da sociedade humana e o papel da muller nela		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe. - Formulación de hipóteses e preguntas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información. - Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros). - Linguaxe científico: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos. - Espazos e recursos de aprendizaxe científico (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel da muller.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación; tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

CRITERIOS METODOLÓXICOS

En relación co exposto anteriormente, a proposta didáctica de "Anatomía aplicada" elaborouse de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar despertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinariedade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os contidos de "Anatomía aplicada" e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Funcionalidade: fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao ámbito, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá.
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

A forma de conseguir estes obxectivos queda, en cada caso, a xuízo do profesorado, en consonancia co propio carácter, a concepción do ensino e as características do seu alumnado.

Non obstante, resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen, do xeito en que cada un considere máis apropiado, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación e das estratexias de indagación.

As estratexias expositivas

Preséntanlle ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as formulacións introdutorias e panorámicas e para ensinar feitos e conceptos; especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

Non obstante, resulta moi conveniente que esta estratexia se acompañe da realización por parte do alumnado de actividades ou traballos complementarios de aplicación ou indagación, que posibiliten o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe.

As estratexias de indagación

Preséntanlle ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe estruturar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a situacións problemáticas nas que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo á súa vez a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer o alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

As técnicas didácticas nas que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destacamos, polo seu interese, as tres seguintes:

- As tarefas sen unha solución clara e pechada, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar o alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.
- O estudo de casos ou feitos e situacións concretas como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para tratar os procedementos de causalidade múltiple.

- Os proxectos de investigación, estudos ou traballos habitúan o alumnado a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía, a facerse preguntas, e a adquirir experiencia na busca e na consulta autónoma. Ademais, facilítanlle unha experiencia valiosa sobre o traballo dos especialistas na materia e o coñecemento científico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Anatomía Aplicada Galicia , (M. D. Torres e H Arguello). Ed. Vicens Vives
Aula (mobiliario, equipamento e materiais propios)
Laboratorio e material de laboratorio.
Modelos anatómicos (esqueleto humano, modelos clásicos)
Recursos dixitais: diferentes textos de ampliación, artigos de prensa, vídeos, presentacións, simulacións e actividades interactivas
Aula virtual da materia
Fontes de consulta: prensa (en papel e dixital), revistas (dixitais e en papel), libros, enciclopedias, páxinas web, etc.
Caderno ou portfolio do estudante
Material fotopiable de actividades de diferente tipo (aplicación, reforzo, avaliación...)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permítenos coñecer e valorar o punto de partida do estudante e así atopar as dificultades de aprendizaxe do alumnado e as súas carencias, para así adoptar posteriormente as medidas de reforzo educativo que se consideren máis axeitadas.

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase preguntas orais y/ou escritas tanto xerais como particulares ós alumnos baseadas en competencias e contidos necesarios para enfrontar a materia. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Ademáis disto será un instrumento indispensable a observación directa do alumno, ben durante o traballo diario, individual ou en equipo, nas postas en común ou debates, nas súas formas de participación durante as explicacións, nas actividades prácticas, etc. nas primeiras semanas de clase. Proporciona información das actitudes, capacidade organizativa e de realización do traballo, de estratexias e capacidade de resolución de problemas.

As dificultades significativas detectadas daranse a coñecer tamén a xefatura de estudos que, xunto co Departamento de Orientación levarán a cabo as medidas pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	5	20	20	4	15	5	11	100
Proba escrita	90	100	100	100	100	100	80	0	0	80
Táboa de indicadores	10	0	0	0	0	0	20	100	100	20

Criterios de cualificación:

Cálculo da cualificación en cada avaliación:

Para calcular a nota dos alumnos en cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

-As probas escritas e/ou orais de carácter teórico e práctico suporán un 80% da cualificación final. A nota media dos exames obterase facendo a media ponderada en función da cantidade de materia que entrase en cada exame.

-O 20% restante virá dado pola puntuación obtida a través do control das actividades diarias do alumno, da súa participación na clase e dos traballos tanto individuais como colectivos que realicen, tanto orais como escritos, prácticas de laboratorio (que deberán ter recollidas no caderno de prácticas) e elaboración dun atlas de anatomía humana ao longo do curso, así como un dicionario de termos anatómicos.

A cualificación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos mínimos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese no cinco. Terán que ter acadado o grao mínimo de consecución para cada criterio de avaliación. Polo tanto á hora da realización das medias dos exames non poderan acadar o aprobado se o alumno non demostrou ter acadado ditos contidos mínimos nas probas realizadas para a parte da materia avaliada en cada proba e haber demostrado o grao mínimo de consecución para cada criterio de avaliación. Coa finalidade de comprobar a adquisición dos mínimos en cada proba haberá unha porcentaxe de preguntas para a comprobación de ditos mínimos de consecución.

Cálculo da cualificación na avaliación ordinaria:

Para calcular a nota da avaliación ordinaria teranse en conta os seguintes criterios:

-O cálculo da nota da avaliación final obterase da mesma forma que se realiza o cálculo da nota de cada avaliación. Terase en conta a media das probas realizadas ó longo do curso para o cálculo do 80% da nota, e todo os traballos realizados ó longo do curso para o cálculo do 20% restante.

-Para o cálculo anterior terase en conta para a media o resultado das recuperacións e exame final que realizaran como se indica no apartado seguinte (coa mesma porcentaxe de ponderación que lle correspondeu á suma das probas realizadas en cada avaliación).

Ademais destes criterios tamén se terán en conta de cara a avaliación os seguintes aspectos de carácter xeral acordados polo departamento para ter en conta en todas as materias deste, tanto para as probas de avaliación como as de recuperación:

-O curso divídese en tres avaliacións e durante o tempo que dure cada unha haberá as probas escritas que considere cada profesor na súa materia.

-Os alumnos que falten a algunha das probas escritas (por causa debidamente xustificada) deberán realizar esa proba en calquera momento que dispoña o profesor. No suposto de que a falta non poida ser debidamente xustificada, a proba non feita será cualificada cun 0.

-As tarefas deberán ser entregadas no prazo indicado, non se aceptarán tarefas entregadas con máis de tres días de retraso. O retraso será penalizado: un día 10% da nota, dous días 50% da nota.

-En canto á corrección na expresión escrita, as faltas de ortografía penalizaranse descontando ata un máximo de 1 punto.

-Non se realizarán redondeos á alza por defecto. Os redondeos da nota serán decisión do profesor e este decidirá se os fai ou non, a partir da nota e en que momento, en función da evolución do alumno.

-Os alumnos que copien ou utilicen calquera medio non autorizado nos exames terán unha cualificación de 0 no exame.

-Avaliación extraordinaria: os alumnos que non acaden unha cualificación positiva na avaliación ordinaria, serán avaliados mediante unha proba escrita na convocatoria extraordinaria tal como indica a lexislación vixente. Esta proba axustarase aos mínimos esixibles que figuran na programación. Para superala será necesario obter unha cualificación mínima de cinco puntos.

Cráterios de recuperación:

Se un alumno non aproba unha avaliación, realizará unha recuperación ó comezo da seguinte avaliación. A este exame tamén poderán presentarse aqueles alumnos que desexen subir nota, pero deberán ter en conta que a nota que computará para a avaliación será a obtida neste último exame, mesmo se é inferior á anterior. Nestas recuperacións só se recuperará a parte correspondente ó 80% correspondente ás probas escritas. A terceira avaliación ó non ter unha avaliación posterior a única posibilidade de recuperala será no exame final de curso.

Aqueles alumnos que despois de teren realizadas as probas de recuperación correspondentes, teñan algunha avaliación suspensa, terán a oportunidade de facer un último exame final no que poderan recuperar as avaliacións non superadas. Nesta recuperación só se recuperará a parte correspondente ó 80% dós exames.

Avaliación extraordinaria: Todos os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria serán avaliados mediante unha proba extraordinaria tal e como indica a lexislación vixente. Esta proba axustarase ós mínimos esixibles que figuran na programación. Neste caso a cualificación do alumno será a obtida en dita proba.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos de 2º de bacharelato que presenten pendente a Anatomía Aplicada de 1º de bacharelato poderán recuperala presentándose a dúas probas parciais propostas por xefatura de estudos en que examinaran a materia dividida en dous bloques.

Estas probas axustaranse ós mínimos esixibles que figuran na programación. O resultado destas probas escritas representará o 80% da súa cualificación, sendo o 20% restante o obtido polo correspondente boletín de actividades proporcionado polo departamento para a preparación e o seguimento da materia ao longo do curso.

A súa cualificación final obterase realizando a media aritmética da cualificación obtida en cada un dos bloques.

Os alumnos que non acaden o aprobado a través destas probas parciais realizarán unha proba final cos contidos de todo o curso, de non ser superada, presentaranse á proba final extraordinaria no mes de xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

No bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas e intereses están a miúdo bastante definidas, a organización da ensinanza permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas como é, por exemplo, esta materia que nos ocupa.

Poren, consideramos conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito corroborado: a diversidade dos estudantes que manifestan en intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Polo tanto é preciso ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos escolares e adoptar medidas oportunas para afrontar esta diversidade (estudantes reflexivos, impulsivos, analíticos, sintéticos..).

Dar resposta a esta diversidade é difícil pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que o alumnado acade os obxectivos propostos.

Así, para acometer o tratamento da diversidade nesta materia propónse facelo principalmente por dúas vías:

- A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos dende dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.

- A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. Neste sentido esta materia é propicia para adaptarse ás características do alumnado propoñendo actividades diversas con distinto nivel de dificultade que permiten a adaptación a diferentes capacidades intereses e motivacións.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X		X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X		X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X		X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X		X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X							
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X		X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X		X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X		X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X		X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión da lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Domus	Visita ó museo científico da cidade centrado no estudo do corpo humano.		X	
Videos divulgativos	Vídeos de charlas ou entrevistas de divulgación científica en que se relacionen os conceptos aprendidos coa vida práctica e que estean realizadas por expertos.	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Combinación do traballo individual e cooperativo
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización dos diferentes recursos e adecuación dos mesmos ás actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ó alumnado con dificultades de aprendizaxe na elaboración de probas escritas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Colaboración das familias

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Ademais nas reunións de departamento comentarse o grao de consecución dos criterios de avaliación das materias. Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento, a memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar os principais problemas e boas prácticas en relación á programación. Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación dos cursos correspondentes.

9. Outros apartados